

XENOFONTE

(Escolma para a ABAU-LOMLOE)

1. ASCENDENCIA DE CIRO E MORTE DE DARÍO (*Anábase* 1.1.1)

De Darío e Parisátide naceron dous rapaces: o máis vello, Artaxerxes, e o máis novo, Ciro. Ó sentirse Darío enfermo e sospeitar a inminente fin da súa vida, quixo que os dous rapaces estivesen presentes. O máis vello atopábase casualmente xa alí. A Ciro mandouno vir desde a provincia da que o fixera gobernador, e nomeouno comandante en xefe de todos os que estaban reunidos na chaira de Castolo. Ciro púxose en marcha levando consigo a Tisafernes como amigo, e acudiu con trescentos hoplitas gregos, á fronte dos cales estaba Xenias Parrasio.

2. CAUSAS DA REBELIÓN DE CIRO. (*Anábase* 1.1.3)

Cando Darío morreu e Artaxerxes subiu ó poder, Tisafernes acusou a Ciro ante o seu irmán de conspirar contra el. Artaxerxes deixouse convencer e detivo a Ciro coa intención de matalo. A súa nai, interesándose por el, enviouno de novo á súa provincia. Ciro, como marchou baixo ameazas e deshonorado, decidiu que nunca mais estaría sometido ó seu irmán, senón que, se puidese, sería rei en lugar del. E Parisátide, en efecto, a súa nai, púxose de parte de Ciro, pois amábao máis a el que a Artaxerxes, que ocupaba o trono.

3. DESCRICIÓN DO PALACIO REAL DE CIRO EN CELENAS (*Anábase* 1.2.7)

Desde alí percorreu en tres xornadas vinte parasangas ata chegar a Celenas, cidade de Frixia populosa, grande e próspera. Alí tiña Ciro un palacio e unha gran facenda, chea de animais salvaxes, que el cazaba a cabalo sempre que quería exercitarse persoalmente ou adestrar os seus cabalos. A través da facenda corre o río Meandro, cuxas fontes abrollan ao lado do palacio, pasando logo tamén pola cidade de Celenas.

4. DESCRICIÓN DO RÍO MARSIAS E EXPLICACIÓN DO SEU NOME (*Anábase* 1.2.8)

Igualmente, o gran rei posúe en Celenas, sobre as fontes do río Marsias, un palacio, ó pé mesmo da acrópole. Tamén este río atravesa a cidade e desemboca no Meandro. O río Marsias ten unha anchura de vinte e cinco pés. Disque alí Apolo, tras vencer o sátiro Marsias, que rivalizaba con el en destreza musical,

lle arrincou a pel, que logo colgou na cova da que nace o río: esa é a razón de que se chame Marsias.

5. CIRO COMUNICA AOS GREGOS O VERDADEIRO FIN DA EXPEDICIÓN (*Anábase* 1.4.11)

Desde alí percorreu en tres xornadas quince parasangas ata o río Éufrates. Alí érguese a grande e próspera cidade chamada Tápsaco. Alí permaneceu Ciro cinco días. Convocados os xenerais do exército grego, díxolles que o seu propósito era ir a Babilonia a atacar o gran rei, e mandoulles que llelo comunicasen aos seus soldados, procurando convencelos, ademais, de que o seguisen na expedición. Os xenerais, tras organizar unha asemblea, comunicaron todo isto. Os soldados anoxáronse cos seus xenerais, e acusáronos de que, malia sabéreno con antelación, llelo ocultaran.

6. CIRO PROMETE AUMENTO DE SOLDADO (*Anábase* 1.4.13)

Ciro prometeu entregar a cada home cinco minas de prata así que chegasen a Babilonia, e o salario íntegro ata establecer de novo os gregos en Xonia. Así foi convencida a maior parte das tropas gregas. Menón, antes de que quedase claro o que ían facer os demais soldados -se ían seguir con Ciro ou non-, reuniu o seu propio exército á parte dos demais e díxolles o seguinte.

7. DESCRICIÓN DA REXIÓN DA MARXE DO ÉUFRATES (*Anábase*, 1.5.1)

Desde alí percorreu, en cinco xornadas a través dos desertos de Arabia e deixando o río Éufrates á dereita, trinta e cinco parasangas. Esta rexión era unha chaira absoluta, plana coma o mar, cuberta de asente. Todos os demais arbustos e plantas que alí había eran olorosos coma perfumes. Árbores non había ningunha, mais si toda clase de animais, a meirande parte deles onagros, ademais de moitas avestruces, así como avetardas. Ás veces os xinetes cazaban estes animais.

8. MORTE DE CIRO (*Anábase* 1.8.26)

Acompañado destes, Ciro viu o rei e a escolta que o rodeaba. Non puido contese máis, senón que, dicindo “Xa o vexo!”, se lanzou sobre el. Golpeouno no peito e atravesoulle a coiraza, segundo declarou o médico Ctesias, que afirmou curarlle persoalmente a ferida. Mentres loitaba con el, Ciro recibiu un violento golpe de xavelina baixo o ollo. Ó combate entre Ciro e o rei sumáronse os que estaban arredor, uns a favor de un e outros a favor do outro. Ctesias dá fe de todos cantos morreron da parte do reu, a cuxo lado estivo; do outro bando morreron o propio Ciro e oito nobres do seu séquito, que quedaron

tendidos sobre o seu cadáver. Disque Artapates, o máis fiel dos ministros de
Ciro, ó velo morto, saltou do seu cabalo e abrazouse a el.

APOLODORO

(Escolma para a ABAU-LOMLOE)

1. FILLOS DE URANO: CICLOPES E HECATONQUIROS (Apolodoro, Biblioteca 1.1.1 - 1.1.2).

Urano foi o primeiro en gobernar todo o Universo. Tras casar con Xea enxendrou en primeiro lugar os chamados Hecatonquiros –Briareo, Xíes e Coto– que eran insuperables en tamaño e forza, cada un con cen brazos e cincuenta cabezas. Despois destes, Xea deulle os Cíclopes –Arxes, Estéropes e Brontes– cada un dos cales ten un só ollo na fronte. Mais Urano, tras amarralos, botounos ó Tártaro.

2. A CASTRACIÓN DE URANO (Apolodoro, Biblioteca 1.1.4).

Xea, indignada pola destrución dos seus fillos, botados ó Tártaro, convenceu os Titáns para que atacasen o seu pai, e deulle unha fouce de aceiro a Crono. Estes, sen a participación de Océano, atacárono, e Cronos, tras cortarlle os xenitais ó seu pai, guindounos ó mar. Das pingas do sangue derramado naceron as Erinias: Alecto, Tisífone e Mexera.

3. CRONO DEVORA OS SEUS FILLOS EXCEPTO A ZEUS (Apolodoro, Biblioteca 1.1.5 - 1.1.6).

Á primeira en nacer, Hestia, tragouna, e logo a Deméter e Hera, e tras elas a Plutón e Poseidón. Alporizada por estes feitos, Rea retirouse a Creta, xusto cando estaba embarazada de Zeus, e deu a luz na cova de Dicte. A este Zeus entregóullelo ós Curetes e ás ninfas Adrastea e Ida, fillas de Meliseo. Estas criaron o neno co leite de Amaltea, mentres os Curetes, armados, protexían a criatura na cova e facían chocar os escudos coas lanzas, para que Crono non escoitase a voz do neno.

4. REPARTO DE PODERES (Apolodoro, Biblioteca 1.2.1).

Entón, os Cíclopes déronlle a Zeus o trono, o lóstrego e o raio, a Plutón un elmo e a Poseidón un tridente. Estes, provistos destas armas, venceron os Titáns e, logo de encerralos no Tártaro, puxéronlles como gardiáns os Hecatonquiros. Despois, botaron a sortes o poder: a Zeus tocoulle o dominio do ceo, a Poseidón o do mar, e a Plutón o do Hades.

5. RAPTO DE PERSÉFONE (Apolodoro, *Biblioteca* 1.5.1).

Namorado Plutón de Perséfone, raptouna coa colaboración de Zeus. Pero Deméter percorreu a terra toda na súa busca, con fachos, tanto de noite coma de día. Tras saber polos Hermioneos que Plutón a raptara, alporizada cos deuses, abandonou o ceo e, tomando a forma dunha muller, chegou a Eleusis.

6. DISPUTA POLA ÁTICA (Apolodoro, *Biblioteca* 3.14.1).

Pareceulles ben ós deuses tomar posesión das cidades nas que cada un pretendía ter o seu culto persoal. Así, Poseidón foi o primeiro en chegar á Ática e, tras golpear co tridente o centro da Acrópole, fixo aparecer un mar, que agora chaman de Erecteo. Despois del chegou Atenea e, poñendo como testemuña da súa toma de posesión a Cécrope, fixo medrar unha oliveira, que agora se pode ver no Pandrosio.

7. PROMETEO (Apolodoro, *Biblioteca* 1.7.1).

Prometeo, tras modelar os homes con terra e auga, deulles tamén o lume, agochándoo nunha cana sen dicirlle nada a Zeus. Cando Zeus o soubo, ordenoulle a Hefesto que cravase o corpo de Prometeo ó Cáucaso (é este un monte de Escitia). Cravado nel, Prometeo estivo suxeito durante moitos anos, e cada día unha aguia, caendo sobre el, devoráballe os lóbulos do fígado, que volvía medrar durante a noite.

8. DEUCALIÓN E PIRRA (Apolodoro, *Biblioteca* 1.7.2).

Deucalión, levado na arca polo mar adiante durante nove días coas súas noites, aportou no monte Parnaso, e alí, cando as augas baixaron, desembarcou e fixo un sacrificio a Xeus, por favorecer a súa fuxida. Zeus, despois de lle enviar a Hermes, concedeulle elixir o que quixera, e el elixiu producir seres humanos. Segundo lle indicou Zeus, recolleu unhas pedras que foi lanzando cara atrás por riba da cabeza: das pedras que lanzaba Deucalión nacían homes, e das que lanzaba Pirra, mulleres.